

09. TENDA DECORACIÓN ARTESÁ

1. SECTOR DE ACTIVIDADE

Decoración do fogar e artesanía.

2. CARACTERIZACIÓN-DESCRIPCIÓN

Tenda especializada na venda de produtos destinados á decoración, louza e téxtil para o fogar.

Agora ben, trataríase dunha tenda cunha gama de produtos variados pola diversidade de seccións pero ao mesmo tempo especializados para cada unha delas, por exemplo na sección de louza atoparíanse cafeteiras italianas con deseños e cores actuais, teteiras de ferro fundido, bandexas para o almorzo e vaixelas creativas e deseño de carácter funcional e práctico.

Na sección de decoración atoparíanse pequenos mobles (*mesañas, cadeiras, butacas, etc.*) lámpadas, espellos e artigos de decoración de menor tamaño (*como vasos para flores, caixas, pezas antigas, esculturas de madeira, etc.*)

En todo caso, todas as seccións contarán con produtos de calidade, tanto no material utilizado como no seu deseño, e cunha gama de artigos de produción artesá de Galicia e de diferentes países con traxectoria no traballo elaborado á man utilizando madeira, pinturas especiais, teas e las, vidro, produtos reciclados, pasta de papel, etc.

3. XUSTIFICACIÓN

A poboación residente do barrio demanda un establecemento ao que poder acudir a comprar artigos de decoración, tanto para o seu fogar como para un regalo e que ao mesmo tempo permita adquirir produtos de uso máis cotiá coma unha cafeteira, unha cunca para o almorzo, etc.

As tendas de artesanía son as máis demandadas pola poboación residente, por unha banda porque axudan ao posicionamento do barrio e pola outra porque consideran que se os produtos son de calidade, permiten diferenciarse claramente dos artigos dispoñibles noutro tipo de establecementos posicionados en prezo pero que venden artigos que non son duradeiros, nin exclusivos nin orixinais.

A diferenciación, o deseño e a calidade parecen ser os elementos principais dunha tenda destas características xa que o barrio contou anteriormente con algunha tenda especializada en artigos de regalo que acabou pechando.

Existe no barrio unha tenda de téxtil para o fogar pero hai unha capa importante de poboación que non se sente identificada co tipo de produto que se ofrece na mesma e que, polo tanto, consideran compatible unha tenda que ofrezca téxtil do fogar sempre que aposte por produtos de calidade, orixinais e personalizables na medida do posible.

4. CLIENTES

- Poboación local, turistas e empresas.
- O nexo común entre todos eles é que o cliente deste tipo de produtos ou servizos é moi específico. Pódese caracterizar como un cliente moi esixente, moi concienciado do valor do feito á man, que está a buscar unha peza orixinal, personalizada, única, cun autor e cunha historia detrás que lle permita sentir que posúe algo que ninguén máis ten.

5. ASPECTOS CHAVE

- **Diferenciación:**
A través da oferta de artigos artesáns que destaquen polos materiais característicos de determinados territorios (*crystal de Murano; cerámicas galegas como por exemplo Sargadelos, Buño, Gundivós; bambú, coco, etc.*) ou polos procesos de produción, especialmente os manuais (*traballos "feitos a man"*).
- **Promoción**
Importancia do uso de ferramentas de promoción do espazo de venda tanto físico como virtual (*no que se faga promoción e comercialicen os produtos elaborados no espazo de venda*) para que sexa visitado e coñecido tanto por turistas como por outros clientes.
Ademais pódese usar a páxina web e redes sociais tanto para colgar vídeos tutoriais e novas nos procesos de creación das pezas como para establecer canles de comunicación coa clientela.
É importante tamén o coidado extremo da presentación e entrega dos produtos aos clientes (*especial atención aos envoltorios e presentación dos produtos xunto coas ferramentas de promoción, como tarxetas de identidade e o propio deseño da marca*).
- **Servizos adicionais**
Como servizos adicionais, pódese reservar un espazo dedicado á innovación, exposición e á formación no que se poden organizar tamén obradoiros dirixidos a particulares e mesmo a nenos (*aspecto que dependerá das dimensións do establecemento*).

6. OBSERVACIÓNS

- Investimento alto.
- Local a partir de 180 m².
- Emprendedores/as artesás.
- Necesidades de viaxar para identificar produtos artesanais e/ou étnicos interesantes para incluír na oferta de decoración.
- Dúas persoas emprendedoras.

7. NORMATIVA ESPECÍFICA

Ademais dos trámites ordinarios de constitución dun negocio, é preciso ter en conta a seguinte normativa:

- Lei 12/2012, de 26 de decembro, de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos.
- Lei 13/2010 de 17 de decembro, de comercio interior de Galicia.
- Lei 1/2013, do 13 de febreiro, pola que se modifica a Lei 13/2006, do 27 de decembro, de horarios comerciais de Galicia.
- Orde do 31 de marzo de 2009 pola que se revisa a relación de actividades artesanais.
- Orde do 31 xullo de 2001 sobre o procedemento para a concesión, uso e control da marca Artesanía de Galicia, propiedade da Xunta de Galicia
- Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias.
- Lei 1/1992 do 11 marzo de Artesanía de Galicia.
- Orde pola que se modifica o logotipo distintivo da marca Artesanía de Galicia.